

# **Pola paz mundial Non á guerra contra o pobo iraquí**

**A Coordinadora Galega pola Paz, formada por numerosas organizacións da sociedade civil: partidos políticos, sindicatos, ONGs, fundacións, ecoloxistas, pacifistas, asociacións estudiantís..., ante un inminente ataque militar contra Iraq, considera urxente e necesaria a seguinte**

## **Declaración institucional**

**1** Resulta moralmente inadmisíbel e inxustificable atacar militarmente a un pobo que vén sendo castigado brutalmente desde 1991, con sancións económicas inhumanas e bombardeos, por parte das forzas dos Estados Unidos e de Gran Bretaña, co pretexto agora de derrocar a Saddam Hussein e colocar no seu lugar a un goberno títere que garanta os intereses económicos e estratéxicos norteamericanos na rexión. A ONU calcula que uns 500.000 nenos e nenas iraquís morreron de malnutrición e enfermidades como consecuencia das sancións aplicadas contra Iraq nestes anos. No 1997 a ONU tamén informou que máis de 1 2 millóns de iraquís morreron desde a guerra do Golfo por falta de menciñas, e que cada mes morrían 5000 nenos e nenas de enfermidades curables en Occidente. Unha nova guerra contra Iraq tan só levará máis morte, destrución e sufrimento ao pobo iraquí.

**2** O goberno norteamericano está empeñado en afianzar o seu papel hexemónico e imperial, reconfigurar as relacións internacionais e obter o control absoluto das fontes enerxéticas mundiais pola forza da súa superioridade militar, para o que resulta imprescindible dominar o corazón das reservas petroleiras do planeta naquela rexión. Mesmo afirma, sen rubor, que está disposto a compartilas cos gobernos aliados nunha sorte de moderna e vergoñenta piratería.

**3** Baixo o pretexto do incumprimento reiterado das resolucións da ONU por parte do goberno de Saddam Hussein, os EEUU presionan ao Consello de Seguridade para impoñer un ultimato que lle conceda mans libres para atacar, mesmo estando disposto a intervir sen o seu aval. Actitude ben distinta en relación con outros inequívocos e reiterados incumprimentos por parte de estados e gobernos amigos dos EEUU, como é o caso de Israel en Palestina, por citarmos só o exemplo máis escandaloso.

**4** O pobo iraquí, que ten soportado enormes sufrimentos non últimos doce anos, vai ser, unha vez máis, a principal vítima inocente desta agresión, particularmente os

sectores máis febles dunha sociedade xa de seu deteriorada: anciáns, nenos e nenas, mulleres, a poboación civil en definitiva, principal vítima das guerras modernas.

**5** A decisión de Aznar, de colaborar cos EEUU, mesmo tamén sen o aval das Nacións Unidas, nun ataque militar, participando activamente e ofertando o uso das bases, sen consultar ao Parlamento, sen declaración de guerra, coloca ao estado español nunha situación de flagrante vulneración do dereito internacional, á marxe da legalidade, e nunha actitude de claro sometemento e sumisión a Washington, mesmo en contra da opinión maioritaria da UE.

**6** A nova guerra de Iraq é, por último, unha ameaza non só para a paz mundial, senón un elemento de profunda inestabilidade na rexión, no mundo árabe e musulmán, de imprevisibles consecuencias. Sen dúbida incrementará o odio contra os EEUU e contra Occidente, as opcións máis violentas, e radicalizará tamén as posicións políticas e relixiosas máis extremas en países que xa están a vivir procesos de fonda inestabilidade de podendo favorecer a chegada de gobernos fundamentalistas antioccidentais.

**7** Desde a Coordinadora Galega pola Paz avogamos polo respecto ao dereito internacional e aos organismos internacionais como marco para a resolución de conflitos, así como o dereito inalienable de todo os pobos á súa soberanía nacional e ao libre exercicio de dereito de autodeterminación, que posibiliten unha solución pacífica.

### **Coordinadora Galega pola Paz**

Adega, AS-PG, Asociación Chambo, Asociación de Mulleres Recandea, BNG, CAE, CAF, CIG, Coordinadora de Crentes Galegos, Coordinadora galega de ONGs para o Desenvolvemento, CC.OO, EU-IU, Federación Ecoloxista Galega, Fundación Araguaney, Fundación para a Igualdade María Xosé Arcos, Galiza Nova, Grupo de Obxección Fiscal Galega, INTERED Galicia, INTERMON-OXFAN, Movemento Rural Cristián, Mulleres Cistiás Galegas, PsdeG - PSOE, Seminario Galego de Educación para a Paz, SLG-CC.LL, UGT, Unión de Estudiantes Árabes, UU.AA, Voluntariado Social Rogas, XX.CC, XX.SS.

---